

Ao capitán
D. AUGUSTO LUSTRES RIVAS
C'a lembranza d'as navegacións
feitas ao par

DE CATRO Á CATRO



DE CATRO A CATRO



INTENCIONS

Encheremol-as velas
c'a luz náufraga d'a madrugada
Pendurando en dous puntos cardinaes
a randeeira esguía
d'o pailebote branco
C'as suas mans loiras
acenan mil adeuses as estrelas

Inventaremos frustradas descubertas
a barlovento d'os horizontes
pra acelerar os abolidos corazóns
d'os nosos veleiros defraudados

Halaremos pol-o chicote
d'un meridián innumerado

N-a illa anónima
de cada singladura
esculcaremos o remorso d'a cidade
Ela noitámbula desfollará
como unha margarida prostibularia
a Rosa d'os Ventos d'o noso corazón

Encadearemos adeuses d'escuma
pra total-as prayas perdidas
Xuntaremos cuadernos en branco
d'a novela errante d'o vento
Pescaremos n-a rede d'os atlas
ronseles de Simbad

E cazaremos-a vela
sobre o torso rebelde d'as tormentas
pra trincar a escota d'unha ilusión.

A FRAGATA VELLA

Tel-os ollos distantes
decorados de rostos xoviaes
que os vellos mariñeiros
permutaron pol-os climas antípodas

Levas n-o leme
un pulo de brazos tensos
que retorceron os largacíos
horizontes d'o mar

Ó vento
atortorando
desfollou d'os velamios
outonos de mocedades

Mercabas colares circunmeridiáns
n-os bazares d'estrelas

Amarrabas faros dispersos
c'o simblador calabrote d'o ronsel

Floreceches n-o Mar
primaveiras amargas
de foulas e escamallos

Inda que o vento encalme
tremela n-as tuas velas
unha rafega de trasmigracións

N-ese teu corazón innumerábel
tamén enchen e debalañ
as mareas d'o meu corazón.

TRAVESÍA

Troqueles reiterados
o reloxe e o Sol
alcuñaron moedas efímeras
que repetían todas
a mesma cara e a mesma cruz

A costa e o Mar
escamotearon unánimes dorsos
permutadores d'a mesma
lonxincua evasión

Temos un estrangoado diagrama
repasado por todol-os novelos d'horizonte
que viraron a proa e a Rosa d'os Ventos

N-a fasquía d'os barcos anónimos
postos a flote pol-a madrugada
estraviados no roteiro d'o serán
persistiron sempre
a mesma foula e o mesmo ronsel

Ese intertroque de radiogramas
que reeditaron os faros e as estrelas
dou-nos a multiplicación monótona
d'as mesmas letras d'o mesmo morse

Foi a derradeira rafega de vento
quen nos desfollou de toda-as lembranzas?

O Mundo

que xa non sabe
mais que repetir unha volta consabida
rachou clandestinamente
as follas imprevistas d'os almanaques

C'as nosas mans suicidas
espallaremos n-o carroussel d'os ventos
os catro puntos cardinaes

Mentras

o timoel
arrumbará proa a Ningures

Repetiremos os cansos corazóns
cronometrando monotonías

N-as velas indecisas
follea o vento un indelébel
álbum de leit-motivs

O minuteiro
(tic-tac)
asumeu o compás d'as travesías.

OS COBADOS N-O BARANDAL

Atopamos esta madrugada
n-a gayola d'o Mar
unha illa perdida (1)

Armaremos de novo a gayola
Vai a sair o Sol
improvisado e desourentado

Xa temos tantas estrelas
e tantas luas sumisas
que non caben n-o barco nin na noite

Xuntaremos paxaros sin xeografía

1) O mar adentro é unha illa d'auga
rodeada de ceo por todas partes.

pra xogar c'as distancias
d'as suas áas amplexadoras

E os adeuses d'as nubes
mudos e irremediabes

E armaremos unha rede de ronseles
pra recobrar as saudades
c'o seu viaxe feito
pol-os oucéanos d'o noso corazón.

S Ó S

Fomos ficando sós
o Mar o barco e mais nós

Roubaron-nos o Sol
O paquebote esmaltado
que cosía con liñas de fume
áxiles cadros sin marco

Roubaron-nos o vento
Aquel veleiro que se evadeu
pol-a cordá floxa d'o horizonte

Este océano desatracou d'as costas
e os ventos d'a Roseta
orientaron-se ao esquenzo
As nosas soedades
veñen de tan lonxe

como as horas d'o reloxe
Pero tamén sabemos a maniobra
d'os navíos que fondean
a sotavento d'unha singladura

N-o cuadrante estantío d'as estrelas
ficou parada esta hora:

O cadavre d'o Mar
fixo d'o barco un cadaleito

Fume de pipa Saudade
Noite Silenzo Frío
E ficamos nós sós
sin o Mar e sin o barco
nós.

... AO AFOGADO

Xa che levaran os ollos
relingadores de lonxanías
e pescadores de profundidades

Xa che levaran a voz
asolagada n-a furna xiróvaga
por onde escoan as tempestades

Xa che levaran os azos
enmallados n-a rede sonora
d'os cordaxes ereutos

O vento aínda escovaba
c'as poutas d'escuma

n-a xerfa

mais cadaleitos

Ibas xuntando soedades
Por un burato d'o Mar
chopaches un día a buscar-te

A noiva goleta
enloitada de branco
que cose roitas esquencidas
acena n-o vento as suas velas
como ese pano d'as despedidas.

GUARDA DE 12 A 4

Envergada n-un mastro d'a Lua
agarda-nos a meia noite

O sino de proa
emoveita voz astral
zarpou bogando despedidas

Estraviaron-se os pasos do Mar
n-os vieiros d'o vento desertor
E perdeu-se pol-a popa
desamarrado
o ronsel

Fomo-nos trasbordando
ao cabotaxe d'as constelacións

Inventores de pseudo'continentes
que imos a descubrir
 esculcamol-as roitas
balizadas de loceiros

C'un faro na man
cronometramos o pulso d'as tormentas
que predín os semáforos astraes
 —Prepara-se un naufraxo
 c'a ausencia cómplice d'o Sol!

Vente ventiño d'o mar
 vente ventiño mareiro
Vente ventiño d'o mar
 vente noso compañeiro
 (popular)

E as horas a sotavento
van desviando-se de nós

A alba intrusa
bateu as catro horas
 Era o sino de proa
que tornaba d'o Mar

a voz desarbolada
o velamio frustrado.

RECALADA

Atoparemos n-o peirán
as follas evadidas
d'o almanaque d'os nosos soños

As novas ruas de sempre
eishibirán o escaparate
d'as mesmas noivas inéditas

Fumaremos n-as pipas despeitivas
total-as transeuntes
hostilidades mudas

O vaso desbicado n-outro porto
remataremol-o eiquí n-o mesmo bar
cabo d'o marifeiro desconecido

que nos repite a mesma
ubicua sorriso loira

N-os burdeles xa saben
que a nosa moeda
ten o anverso de ouro
e o reverso sentimental

Os ecos imprevistos
d'o noso cantar sonámbulo
apagarán os focos d'a madrugada

Mañán despertaremos
n-a ausencia d'esta xornada
Esquivou-se unha folla
d'o diario efusivo

Eramol-os espeutadores
n-a prestidixitación
d'unha hora artificial.

NAVY BAR

Este bar ten balances
E tamén está listo
pra se facer á vela

Encheron-nos o vaso
con toda a auga d'o Mar
pra compor un cock-tail de horizontes

Pendurados d'as horas
atlas xeográficos d'esperantos
están sin tradución
E tatexan as pipas
c'o ademán políglota d'as bandeiras

Ese cantar improvisado
é o mesmo
que xa se improvisou n-algures

Quen chegou avisándo-nos
d'esa cita nocturna que temos
c'o vento ao N E
n-a encrucillada d'as estrelas 'apagadas?

Eiquí bebe de incónito
o Mariñeiro Desconecido
—sin xeografía nin literatura—
A noite d'os naufraxos
c'o seu brazo salvaídas
aferrará con nosco unha vela de chubascos

O vaso derradeiro
estaba cheo de despedidas

Pol-as ruas dispersas
ibamo-nos fechando
cada un dentro d'a sua alta-mar

N-o repouso d'algún vaso
todal-as noites naufraga o Bar.

BALADA D'O PAILEBOTE BRANCO

Escoitábamos o vento
ríndo-se malévolo
debaixo d'o seu disfraz
E tamén contou o barco
a hestoria d'o piloto
a d'o gavieiro e a d'o rapaz
Vós xa sabedes todo
Eso que dín as estampas
d'o libro de Simbad
Pero él contou-nos o resto
«Estreaba o horizonte
unha largacía audaz»...
O barco foi percorrendo

as cicatrices sentimentaes
que lle deixaron vellos navegantes
E os adeuses que leva n-a vela
grabados por miradas
tristes definitivas e distantes
Un día fixo-se ao mar
c'a parola ceifada n-os beizos
E xa nunca volveu
Agora eu busco un vello mariñeiro
ou unha hestoria d'o pailebote branco
ou calquer outra cousa...
¿que sei eu!

E escoitábamnos o vento
rindo-se malévolo
debaixo d'o seu disfraz
Pero a hestoria d'o pailebote branco
non-a sabía o piloto
nin o gavieiro
nin o rapaz.

O CARTAFOL D'O VENTO

O vento perdeu as follas
d'o seu cartafol

—Esas que os chubascos

tecolean n-o manual d'os mastros?
mecnógrafos

As gavotas non teñen quitasol
pero fan raudos equilibrios
pol-o aramio transparente
de total-as ortodrómicas d'o ceo

O pailebote sin velas

—Serán esas que o vento

levou n-o seu cartafol?
tamén fai equilibrios no ronsel

C'a boca aberta
—cai-lle a baba—
está mirándo-nos o babión d'o Sol.

LIED OHNE WORTE

Aboya un esbardar de marusías
tentando os ceos sin atopar a Lua
Pero a Lua esta noite
desertou d'os almanaques
Murcha antre duas follas
—violedas pensamentos—
d'o manual póstumo
—outono madrigaes—
que versifiquei eu

Mansas vagas unánimes
reorgaizan-se detrás d'o vento
Cando pase a rafega derradeira
dirá-nos adeus
c'o pano branco d'o gaf-tope

Alude a un fracaso
de follas amarelas
e renova-se a sorrisa d'os mastros
sempre c'as ponlas novas e xoviaes

Noiva miña
vestida de lua
que romantizas
¡tan cursil
pol-o xardín

Sentei-me a proa
fumando a miña pipa
Pero outra noite pensarei en ti.

A ESTRELA DESCONECIDA

Eu vin-te decote acobadada
n-aquela fenestra
—tan a trasmán!
que penduraches d'unha constelación

O horizonte arrincaba cada día
pra ti
a folla d'almanaque d'unha vela

Pero nunca s'enmallou
n-a falsa rede d'os mapas celestes
a tua loira virxinidade
Cómplice a noite
engayolaba o sestante d'os mariños
inxénuas perversións catalogadas

Viuva reiterada de todol-os vinte anos
que os marifeiros repiten
cada volta que afogan

Endexamais souberon os cadavres sin rumbo
que tí os amortallabas c'o teu ollar

Emproáramos a meia noite
A sotavento d'a nosa singladura
vai decote unha nube desarbolada
C'a sua esponxa de sombra
borrou pra sempre o teu mudo perfil

A alba nova sorprendeu-me
cacheando antre os loceiros
unha despedida que se me perdeu.

CALMA DE 6 A 8

N-a xerfa esbara o Sol
tras d'os ausentes oleaxes
As velas frouxas
póstumo rompeolas d'os chubascos
cosen os farrapos con fíos de sol morno

Unha gavota ventrflocua
peteirando n-o urro inmorredoiro
que os afogados deixaron aboyando

O sol-por fechará-se
dentro d'o mais intauto disco
As nosas pipas atentas
acobadadas ao lecer

Un intre b vapor intruso
coseu de presa a relinga d'o horizonte

Alén d'o mundo
está o castelo de proa
Hai un marifeiro vello
que ven de volta de todol-os naufraxos
E trai o fío d'as aventuras

—non se sabe o remate—
que as dársenas estantías
viron evadir-se a bordo d'as bric-barcas
—O capitán Pardeiro
non afogou
«Perdeu-se» canda o bergantín—

Axustou-se a xordina
largacia coma unha nosa ollada
a buguina d'o Mar
Tremela n-a mareta levián
un remorso ou pesadelo
O navío
as mans trincadas
vai borrando c'os pés o ronsel

Xa non virá o vento
por que a noite fechou total-as portas
—Esa luz desvelada
n-a fenestra d'a Lua—

Ao bater a hora imprevista d'o relevo
coseu as adoas soltas
d'o toque d'as Trindades
O ceo foise abuado e friorento

Todo finou?

Oh miragre!

As mesmas estrelas
aínda están
aínda están alí.

DESCOBERTA

Quen fechou esta noite
a fenestra azul d'o Mar?

Este Mar fuxitivo
de total-as riveiras

Náufrago d'o neboeiro
que desviou o rumbo
d'os puntos cardinaes

Ficaron as gávotas
tres singladuras a sotavento

Desourentaron-se os arroaces
intrusos e impunes

Hoxe ninguén dá c'a relinga
pra aferrar os panos d'o horizonte

E este serán tampouco
engayolaremol-o Sol

O Sol era un paxaro triste
que se pousaba n-o penol

LE CER

Gavotas que levan n-o peteiro
as cartas d'os mariñeiros namorados
Vapores burgueses
que nos ofrecen o remborque d'o seu fume
Pero as nosas velas encalmadas
espantan a bandazos
as horas como moscas

Vigo está tan lonxe
que se desourentaron as cartas mariñas

Unha pipa mais
de vagar
deica ver a hora que da o reloxe

Entra unha fría de vento?

—moi ben!

Enrolará-se a pausa
n-as suas espiraes

E non sabemos
(abonda xa de paréntesis)
engadir-nos outra volta
a todo eso que se nos esqueceu.

S. O. S.

Todos presentiamos que a noite
preparaba algún sofisma

E o faro estraviado
daba o S-O-S
n-o morse

—clave Orión—

d'as estrelas

Eses brazos abertos d'a vela
son os mesmos d'o vento
que se despreguizou

N-a man d'o Mar esquencidizo
os loceiros peteiran a bicada

A estrela d'os cabarets
c'un cigarro n-os beizos

pide lume aos catro puntos cardinaes
Pol-a Galaxia chea de seixos
un astro vello vai c'o seu farol

Que dan os almanaques
pra esta meia-noite?
Pero aínda non sabemos
de que banda vai chegar a meia-noite
E o faro estraviado
vai esgotar o seu stock de S-O-S.

AO REVERSO D'A NOITE

Loceiros degolados
desangran-se de ouro n-o Mar

De par de nós
a Lua
fai ronseles infecundos

Mentras sonea a mareta
vai folleando n-o libro d'as velas

Irredientos velamios eshaustos
resiñados a pendurar d'a cruz

Estrelas inconscientes
mecanizan o ouseso tic-tac

A auga toda d'os oucéanos
ensumeu-se n-unha bágoa

E o pano branco d'o novo día
enxugará os ollos d'o ceo.

A D E U S

Antre a calima
 traspondo o meu ollar
esquivou-se o velamio
Deixou-nos a badía
chea d'a sua ausenza
e a mañán sin perspeitiva

Agora en terra
arredado de mím-mesmo
por un oucéano de singladuras
o vento d'a Ría
vai virando a folla de cada emoción

•—O Sol indiferente
Sirena augardentosa d'os vapores

Un retrayo de fume
n-o rompeolas d'a paisaxe
Os engranaxes d'a grua
esmoen a mañán morna—

Debaixo d'os meus pasos
xurde o ronsel d'a Vila natal
Ela c'os brazos cheos de sono
teima salvar-me d'un naufraxo antigo
E os meus ouvidos incautos
queren dormir n-o colo
d'as cantigas vellas

Eu cacheaba todol-os segredos
d'as miñas mans valdeiras
por que algo foi que se me perdeu n-o Mar

...alguén que chora dentro de mín
por aquel outro eu
que se vai n-o veleiro
pra sempre
coma un morto
c'o peso eterno de todol-os adeuses:

Pida a «NÓS»

Publicacións Galegas e Imprenta

Real, 36-1.º

A Cruña.

HISTORIA SINTÉTICA DE GALICIA

por Ramón Villar Ponte

5 pesetas.

DIBUXOS EN LINOLEUM

por Xaime Prada

2'50.

ESTEBO

novela por Xosé Lesta Meis

3'50.

A ROSA DE CEN FOLLAS

poesías por Cabanillas

2'50.

MARGARIDA A DA SORRISA D'AURORA

conto por Evaristo Correa Calderón

0'50.

A TOLA DE SOBRÁN

comedia n'un acto por F. Porto Rey

0'80.

TRÍPTICO TEATRAL

por Antón Villar Ponte

3'00.

A FIESTRA VALDEIRA

comedia por Rafael Dieste

2'50.

DE CATRO A CATRO

poemas por Manuel Antonio

1'50.

VAN APARECER

OS CAMIÑOS DA VIDA E PELERINAXES, por Ramón Otero Pedrayo; CONTO DE GUERRA, por Camilo Díaz; O GALO, obra póstuma de Amado Carballo; ESCOLMA DE CONTOS, por Rafael Dieste; TRADU-
ZÓN D'UN DRAMA DE YEATS, por P. R. Castro e Antón Villar Ponte; A ESCADEIRA DE XACOB, novela por E. Blanco Amor; BRÉTEMA, ARMEN-
TEIRO E ESILADOS, por R. Suárez Picallo; O MA-
RISCAL, por Ramón Cabanillas e A. Villar Ponte; O PORCO DE PÉ, novela por Vicente Risco; A VOL-
TA DO BERGANTIÑÁN, por Xesús San Luís

**Rematouse de imprentar
en 'NÓS' o vinteseite
de Marzal de
M C M X X V I I I**